

CV17014

Memoria xustificativa da oitava addenda ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do concello de Ferrol

1. Antecedentes

O 01.08.2017 asinouse un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol.

O 30.07.2021 asinouse unha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021 e modificar a cláusula quinta no senso de engadir unha nova obriga do concello de Ferrol.

O 31.12.2021, o 30.03.2022, o 19.12.2022, o 04.12.2023, o 20.12.2024 e o 02.01.2026 subscribíronse, respectivamente, a segunda, a terceira, a cuarta, a quinta, a sexta e a sétima addendas ao convenio para ampliar o seu prazo de vixencia. Coa subscrición da última addenda o prazo de vixencia remata o 30.04.2026.

2. Causas que motivan a formalización dunha addenda ao convenio

A xestión do sistema de saneamento e depuración que dá servizo aos concellos de Ferrol e Narón foi obxecto, durante anos, de controversia institucional derivada da inexistencia dun instrumento convencional que regulase de forma completa as condicións de prestación do servizo e o correspondente reparto de custos, o que deu lugar á interposición de diversos recursos no ámbito contencioso-administrativo.

Recentes resolucións xudiciais ditadas polos órganos da orde contencioso-administrativa, e nomeadamente as sentenzas do Tribunal de Instancia de Ferrol de febreiro de 2026, estimaron as pretensións do Concello de Ferrol, recoñecendo a obriga do Concello de Narón de asumir o custo do servizo recibido conforme a criterios obxectivos de reparto.

O 31.03.2026 Augas de Galicia remitiu aos concellos de Ferrol e Narón unha nova proposta de convenio co obxecto de formalizar unha encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación das instalacións de saneamento e depuración que dan servizo aos concellos de Ferrol e Narón, así como determinar as condicións que rexerían dita encomenda.

Tras a análise desta proposta, así como tamén dadas as recentes resolucións xudiciais, ambos os dous concellos comunicaron a Augas de Galicia o inicio de un proceso de negociación e manifestaron a súa vontade de acadar a formalización dun convenio para a xestión do devandito sistema de saneamento e depuración. Para isto, solicitaron a Augas de Galicia que se ampliase o prazo para contestar á proposta remitida o 31.03.2026.



Tendo en consideración que o servizo de saneamento e depuración debe seguir prestándose dun xeito continuado, non admitíndose interrupción na súa execución, e que a non continuidade implica risco con consecuencias moi negativas, resulta imprescindible garantir esta continuidade na execución da prestación mediante a aprobación da addenda, por razóns de interese público derivadas da propia natureza e características específicas da prestación do servizo de saneamento e depuración.

Mentres se estuda polos concellos a maneira de acadar a formalización dun convenio que regule as condicións de prestación do servizo do devandito sistema de saneamento e depuración, considérase necesario formalizar unha addenda para ampliar o prazo de vixencia do convenio formalizado o 01.08.2017.

3. Obxectivos que se pretenden e estimación de custos e financiamento

A addenda ten por obxecto ampliar o prazo de vixencia do convenio ata o 31.07.2026 ou ata a asunción por parte dos concellos de Ferrol e Narón da xestión conxunta da explotación, mantemento e conservación das instalacións de saneamento e depuración que dan servizo aos concellos de Ferrol e Narón, no caso de que se asuma antes do 31.07.2026.

A encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do concello de Ferrol instrumentouse a través do convenio de colaboración asinado o 01.08.2017 consonte ao disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, se ben non lle son de aplicación normas do capítulo VI do título I da dita lei de conformidade co disposto no seu artigo 48.9. Non lle resulta así de aplicación o límite temporal previsto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Compromisos de contido económico

A subscrición da addenda non supón a asunción de compromisos económicos para Augas de Galicia.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro a addenda contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

